

C U R S O S E C O N G R E S O S

**ACTAS DO IV SIMPOSIO
INTERNACIONAL LUSO-GALAICO
DE FILOSOFÍA**
**Santiago de Compostela,
28-29 de novembro de 2002**

**Galiza e Portugal:
identidades e fronteiras**



EDICIÓN A CARGO DE
María Xosé Agra Romero
Nel Rodríguez Rial

UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA
publicacións

SIMPOSIO INTERNACIONAL LUSO-GALAICO DE FILOSOFÍA (4º. 2002. SANTIAGO DE COMPOSTELA)

Galiza e Portugal : identidades e fronteiras : Actas do IV Simposio Internacional Luso-Galaico de Filosofía, 28-29 de novembro de 2002 / edición a cargo de Mª Xosé Agra Romero, Nel Rodríguez Rial . - 391 p . ; 24 cm . - (Cursos e Congresos de Universidade de Santiago de Compostela ; 142) . - D.L. C-2925/2003 . - ISBN 84-9750-268-X

1.Filosofía - Congresos 2. Identidade colectiva -Europa - Congresos I. Agra Romero, Mª Xosé, Rodríguez Rial, Nel, ed. lit. III. Universidade de Santiago de Compostela. Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, ed. IV. Serie

1 (063)

316.6(4) : 061.1 (461.1 Santiago de Compostela) 2002

Esta publicación contou co financiamento da Acción Especial BFF 2001 - 5317 - E
do Plan Nacional de I+D do Ministerio de Ciencia y Tecnología

© Universidade de Santiago de Compostela, 2003

Deseño de cuberta
Alejandro Vidal

Edita
Servicio de publicacións e
Intercambio Científico
Campus universitario sur
15782 Santiago de compostela
www.usc.es/spubl

Imprime
Imprenta Universitaria
Pavillón de Servicios
Campus universitario sur

Dep. Leg.
C-2925/2003
ISBN
84-9750-268-X

Presentación

Os textos aquí recollidos corresponden ás ponencias presentadas no IV Simposio Luso-Galaico de Filosofía que, baixo o título *Galiza-Portugal: Miradas cruzadas*, se celebrou na Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela os días 28 e 29 de novembro do 2002. Este IV Simposio veu dar continuidade e consistencia ao proxecto iniciado en decembro de 1999 cando un grupo de profesores de Filosofía do Departamento de Filosofía e Cultura do Instituto de Letras e Ciências Humanas da Universidade do Minho e da Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago, coa colaboración do Centro de Estudios Lusíadas e do Seminario de Estudos Galegos, organizou na Universidade de Minho, en Braga, o I Simposio Luso-galaico de Filosofía sobre o tema *Pensar a Europa*, en canto realidade colectiva na que estamos implicados e comprometidos, indagando nas súas raíces socio-culturais, filosóficas, literarias, históricas e políticas.

A este primeiro encontro sucedéronlle dous máis: o II Simposio, baixo o título *Europa: mito e razón*, celebrado en Outubro de 2000 na Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago e no que, en palabras de José Luis Barreiro na Presentación do volume de Actas, “dende diversas consideracións relativas á idea de Europa e os distintos modelos de cidadanía europea, preténdese afondar na dialéctica da identidade e da diferencia, do un e do múltiple, das identidades nacionais e da unidade europea. Circunstancias diversas, e mesmo a sua oportunidade histórica, propiciaron e xustificaron este evento: o significado do aínda recente Xacobeo-99, a designación de Santiago como *cidade europea da cultura*, a vinculación e comunidade histórico-cultural de Galicia e Portugal e, sobre todo e sempre, o simbolismo do Camiño de Santiago que vén constituindo dende a Idade Media un espacio non só de configuración da idea mesma de Europa a través de múltiples avatares, senón tamén de

encontro, comunicación e difusión das distintas culturas europeas” (2002:7). O III Simposio: *Justicia, Poder e Cidadania*, celebrouse en Braga, na Universidade do Minho, en decembro do 2001, traendo a reflexión e debate temas e problemas tan cruciais no comezo do século XXI. Dos resultados destes simposios dan boa conta as publicacións das ponencias e comunicacións, as Actas, como esta que presentamos do IV e de momento último de estes simposios, cuxa publicación, neste caso, é posíbel gracias á subvención do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía.

Entre os obxectivos fundamentais que animaron dende o comienzo a realización destes intercambios académicos estaba o de acadar unha canle de comunicación, reflexión e debate arredor de cuestiós que preocupan “aquí ao lado”, aquén e alén Miño, no convencemento de compartir máis do que nos poidera separar por razóns de identidades ou fronteiras e ante os novos escenarios que se están a debuxar tanto respecto do proxecto europeo como na orde mundial. Por iso a máis de ir dando a coñecer o que se desenvolve en ambas as duas universidades, tentando combinar un ollar histórico e filosófico, procúrase un achegamento aos problemas actuais, participando tamén nesta empresa profesores doutras universidades portuguesas e españolas. Partindo destes obxectivos viña acaído que o IV simposio explorase e afondase nas relacións entre Galiza e Portugal, e así poder dispor dun maior e mellor coñecemento dos vencellos filosóficos, históricos e socioculturais, fornecéndolos dunha revisión compartida das diversas e peculiares miradas sobre o “outro”, dende “aquí ao lado”. E que mellor forma de encetar tema destas relacións e dos seus diversos planos que coa Conferencia inaugural do profesor Ramón Villares Paz quen baixo o título “Portugal, Galicia e o Iberismo” vai incidir na importancia de Portugal na construción da identidade política e cultural da Galiza contemporánea, atendendo dende a tradición iberista decimonónica ata *Sempre en Galiza* de Castelao, e amosando o seu interese para o debate actual.

Moi sumariamente e procurando alentar a súa leitura, o conxunto das ponencias apresentadas e que agora ven a luz como textos impresos, reflecten o interese e necesidade de rachar coas inercias, cos tópicos, amosan os mútuos descoñecementos e tamén dan conta das relacións sobre todo en momentos significativos, dos motivos da ignorancia, dos soños e utopías, de Galiza e Portugal. Así, Fernando Augusto Machado, profesor da Universidade do Minho, en “Desencontros entre a natureza e os homens. O olhar dum ex-ministro republicano sobre a Galiza” examina as interesantes crónicas de viaxe publicadas no xornal *O Primeiro de Janeiro* de Armando Marques Guedes (1889-1958),

ministro do último governo da Primeira República Portuguesa. Como se desprende do mesmo título, o autor pon o acento nos desencontros entre a natureza e os homes, na antítese natureza-acción dos homes que caracteriza o ollar do Marques Guedes. De literatura de viaxes, política e filosofía se ocupan tamén Martín González Fernández, profesor da Universidade de Santiago, e María de Lourdes Pérez González, da Biblioteca Universitaria de Santiago, en “Galiza e Portugal, ilustrados: Letters from Spain, Portugal & by an english officier (London, 1788). Literatura de viaxes, filosofía e política”, tomando aquí as cartas escritas por Alexander Jardine (1788), analízanse os prexuzos, e vanse despregando os distintos descritores da identidade resultantes do ollar deste oficial e espía inglés: económicos, políticos, relixiosos, institucionais, xeográficos. Achegasenos unha cartografía da identidade dos galegos e dos portugueses segundo este viaxeiro que permite doadamente comprender a visión que se ten dos dous países. Este texto compleméntase coa primeira versión galega, feita por M^a de Lourdes Pérez González, das Sete cartas de Portugal que forman parte das “Letters from Barbary, France, Spain, Portugal (London, 1788)” e das que non existe tampouco versión en español.

O profesor da Universidade de Santiago José Luis Barreiro Barreiro en “Aquén e alén Miño: identidades e fronteiras”, parte da situación actual para suliñar a oportunidade de eventos como o do simposio, a necesidade de recuperar a memoria histórica das relacións aquén e alén Miño para de seguido desenvolver unha reflexión dialéctica e integradora, tomando como pre-texto dous textos, un de Francisco da Cunha Leão e outro de Castelao, apostando finalmente polo soño dunha Portugalicia, dunha confederación Ibérica de pobos, por unha restauración dun Couto Mixto. Á actualidade diríxese tamén o profesor da Universidade do Minho Acílio da Silva Estanqueiro Rocha en “As regiões no projecto da Europa unida” quen facéndose eco da expresión “xeometría variábel” de D. de Rougemont introducenos no complexo problema da construcción europea, da Europa das rexións, a través do exame da invención cultural do propio concepto de Europa, deténdose no “amor da complexidade” que supón o federalismo. Acudindo aos textos dos clásicos así como os de máis recente actualidade, aos proxectos e declaracións de paz e en especial ás ideas de Víctor Hugo, sitúanos tamén ante a utopía duns Estados unidos da Europa, nunha utopía que, segundo a entendía Victor Hugo e que suscribe o autor deste texto, cando vai no sentido da humanidade, convértese en feitos no século seguinte.

Especial atención merecen os traballos dos profesores da Universidade do Minho, José Marques Fernandes “Representações na imprensa portuguesa da Guerra Civil de Espanha na Galiza” e Norberto Ferreira da Cunha “A

Autonomía Galega na imprensa periódica portuguesa (1932-1937)”. En ambos os dous achamos unha interesante e importante contribución ao tema do simposio. No primeiro dos textos, a través dos tópicos: a guerra civil na Galiza; a oportunidade perdida, o complót anti-comunista e o drama dos refuxiados, debúllase o entramado que fai comprender a decisiva contribución do governo de Salazar á causa dos nacionalistas españoles e que, como ben salienta Marques Fernandes, ten sido máis ben ignorada ou infravalorada polos estudiosos da Guerra Civil en España. Incídese na pertinencia ético-política de seguir recollendo datos e de analizalos hoxendía, e advírtese sobre a censura vixente no Estado Novo e, polo tanto, sobre as limitacións das “representacións” ideolóxicas na prensa no período a estudar. O autor centra a súa análise na Galiza en base ao material tirado dos dez xornais de maior difusión en Portugal nesa altura. No texto do profesor Norberto Ferreira da Cunha podemos atopar un consistente e pormenorizado exame da recepción e visións da Autonomía galega na prensa portuguesa, facendo fincapé en que tal recepción e a reacción suscitada veu determinada por unha rede de preconceitos constitutivos das imaxes xeradas polas elites en Portugal a respecto dos galegos, o que o leva a sostener que temos que ter en consideración duas autonomías, isto é, “a galega em tuda a sua vivência e complexidade, e aquela que nós fomos capazes de compreender, por via da información que nos foi prestada á luz dos nossos preconceitos”. Este estudio céntrase, precisamente, nesta segunda perspectiva, deténdose nos elementos fulcrais que permiten decatarse e profundizar na visión que se tiña en Portugal, así como das relacións que se dabán nese momento, con Galiza. Estes dous excelentes traballos resultan asimesmo complementados coa presentación do “Epistolario portugués de Álvaro Cebreiro: o presidente Machado” realizada polo profesor do I.E.S. de Cacheiras Humberto Bustos Abella, e que forma parte dun proxecto máis amplio de estudo da correspondencia inédita de Álvaro Cebreiro con autores portugueses.

A memoria histórica e filosófica, non obstante, non se esgota nese pasado máis recente e traumático, o texto de Manuel Rivas García, profesor do I.E.S. Rosalía Castro de Santiago, “As relacións luso-galaicas na etapa ilustrada: Fr. Martín Sarmiento” chama a atención sobre o feito de que entre Galiza e Portugal, na segunda metade do dazoo, estabase a dar un bó entendemento comercial, bó entendemento que non se producía, sen embargo, noutrós ámbitos. As manifestacións do ilustrado Martín Sarmiento serven para amosar esa situación. Incidindo tamén no carácter pioneiro deste ilustrado no que atinxé á filoloxía moderna e á cuestión da lingua. Por último o profesor Lúcio Craveiro da Silva, da Universidade do Minho, nun conciso e suxestivo texto remóntanos ás orixes, á Galécia.

Non quixera rematar esta presentación sen facer referencia a un feito histórico recentemente rescatado (García Mañá, Universidade de Vigo 2000), non moi coñecido ou esquecido para moitos aquén e alén Miño: o Couto Mixto, nas terras da raia entre Galiza e Portugal, a república independente que existiu durante sete séculos. Agora que tanto se está a falar e a pensar sobre as fronteiras, sobre novas comunidades e identidades políticas como é a Unión Europea, sobre a perda de soberanía dos Estado-nacións e a configuración dunha nova cidadanía, mesmo dunha cidadanía global, en definitiva sobre a vinculación continxente entre cidadanía e nacionalidade, feitos e experiencias como as do Couto Mixto poñen de relevo o carácter fluido e imaxinario das fronteiras, que os vencellos e a proximidade entre as xentes a cotío son más fortes (casamentos, axuda no traballo, contrabando) que as barreiras e os límites xurídico-políticos, que sempre existiron “pobos promiscuos”, “arraianos”, “terras mixtas”.

Pasado xa máis dun século dende o Tratado de Lisboa de 1864 polo que se estableceron os límites definitivos entre España e Portugal, entre Galiza e Portugal, unha boa forma de ver estes nosos encontros é como un Couto Mixto, non naturalmente no sentido nostálxico da república esquenida, de volta ao pasado, senón como espazo de reflexión plural e compartida, como unha forma de coñecermos mellor, como lugar e expresión das inquietanzas filosóficas que nos unen, das preocupacións ante o momento que nos toca vivir. Os privilexios deste Couto Mixto consisten xustamente niso. E se Santiago de Rubiás foi durante séculos a capitalidade do Couto Mixto, tocou nesta ocasión a Santiago de Compostela asumir a capitalidade, compartida con Braga, deste Couto Mixto Filosófico. Agardamos que estes fructíferos simposios teñan continuidade e nos ofrezan novas aportacións.

MARÍA XOSÉ AGRA ROMERO

galega do Couto Mixto, a primeira vez que se abordaba a Portugal como entidade política, ordenación territorial e administrativa. Desde esa perspectiva, os historiadores teñen muitos interrogantes pendentes, dúbida da relación entre a cultura material e arqueológica e a cultura escrita, da chamada "língua portuguesa" e suivamente luso-galega.

* Este texto resulta da conferencia dedicada ao Couto Mixto organizada pola IGADI, en 2000.